

14 xuño_ Teatro Principal, 20.30 h

CLORINDAE (Estrea absoluta)

performance de música e danza

SINFOROSA PETRALIA E ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS, piano

PATRIZIA LO SCIUTO, danza

RICCARDO BRAGALINI, vestiario

SALVATORE ALTESE, deseño de iluminación

O sacrificio de Clorinda encarna e condensa a identidade multidimensional da muller; tenaz e loitadora na súa fulgurante feminidade; asemade perdedora e gañadora. Este espectáculo, resultado dunha colaboración entre Sinforosa Petralia, Rosalía Gómez Lasheras e Patrizia Lo Sciuto, sintetiza a epopea de *La Gerusalemme liberata* de Torquato Tasso a través dun amalgama de música, danza e performatividade. Unha peza que bebe da afouteza de Clorinda nunha referencia tácita pero continua a un desafío que sabe a desagravio e redención.

Acto I

Cathy van Eck (1979): *Cheering for others makes you a leader* para performer (2016)

Acto II

Celeste Oram (1990): *Toccata and Bruise* para piano e pianista (2016)

Katharina Rosenberger (1971): *Bögen* para piano a catro mans (2017)

Acto III

Cathy van Eck (1979): *Song No. 3* para performer (2010)

Cecile Marti (1973): *Wendung* para piano a catro mans (2016)

Acto IV

Helena Winkelman (1974): *Valse hypnotique* de *Trois dances suisses* (2015) para piano a catro mans

Acto V

Jessie Marino (1984): *Rot blau* para 2 performers (2009)

SINFOROSA PETRALIA. Nada en Trapani en 1988, estudou co profesor Pietro De Maria na Scuola di Musica di Fiesole e co profesor Claudio Martínez Mehner na Hochschule für Musik Basel. Gañou premios en varios concursos como Tonino Pardo, Città di Balestrate, Nuovi Orizzonti, G. Rospigliosi, Talent Factory. Ten tocado como solista con orquestras como a Galileo Galilei Orchestra, Kammerorchester Basel, Orchestra Sinfonica del Teatro Massimo, Orchestra Sinfonica Siciliana. É especialmente activa no eido da música de cámara, sendo membro de conxuntos como o premiado Made in Trio e o Ensemble Container (centrado na música contemporánea). Tamén forma dúo co fagotista Gordon Fantini, elixido na plataforma Classeek. Actualmente traballa como acompañante das clases de fagot e saxofón na Hochschule für Musik Basel, baixo a dirección de Sergio Azzolini e Marcus Weiss.

ROSALÍA LASHERAS. Nada en 1994, Rosalía estudia con Alan Weiss no Conservatorio de Utrecht e con Claudio Martínez Mehner e Anton Kernjak na Hochschule für Musik Basel. Ademais, estuda fortepiano con Edoardo Torbianelli e clavecín con Jörg Andreas Bötticher na Schola Cantorum Basiliensis. Tras gañar o Concurso da Young Pianist Foundation de Ámsterdam, debutou en salas como o Concertgebouw de Ámsterdam, o Tivoli Vredenburg de Utrecht, o Palau de la Música Catalana, a Ópera d'O Cairo, o Konzerthaus de Dortmund e a Herkulesaal de Múnic. Traballou como solista con directores como Philippe Herreweghe e orquestras como a Sinfónica de Galicia, a Noord Nederlands Orkest, a Orquestra Sinfónica d'O Cairo, a Duisburger Philharmoniker e a Orquestra Sinfónica de Basilea. É invitada regularmente a festivais de música de cámara e música contemporánea como as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, o Festival Storioni de Eindhoven, o Festival de Música Antigua de Utrecht, o Festival de Música de Cámara de Suíza, o Festival de Música de Cámara de Wissemburgo, etc.

PATRIZIA LO SCIUTO. Bailarina e coreógrafa siciliana formada no Instituto Rencontres Internationales de danse contemporaine de París baixo a dirección de Françoise e Dominique Dupuy. Tamén estudou o repertorio da Trisha Brown Dance Company e participou como bailarina no proxecto 11 fugas de Bernd Uwe Marszan, solista da compañía Pina Bausch. Formou parte da residencia no CCN Preljocaj en Aix en Provence e en Annonay no Studio

chorégráphique La Baraka para crear en 2019 o espectáculo *H as Human*. Desde 1995 é coreógrafa e bailarina da compañía Moto Armonico Danza, con sede en Sicilia. Os seus espectáculos amosáronse en Italia, Francia, Alemaña e Sudamérica. A compañía Moto Armonico Danza caracterízase pola continua investigación e experimentación sobre a relación entre a música e a danza e a interacción entre bailaríns e músicos.

Cathy van Eck é compositora, artista sonora e investigadora das artes centrada nas relacións entre obxectos cotiáns, intérpretes e son, deseñando instalacións con artefactos sonoros e electrónica en vivo e relacionando xestos e sons, principalmente, por medios electrónicos combinando performance, música electrónica e artes visuais. Este é o caso de *Cheering for others makes you a leader* unha peza para performer na que pompóns e aclamacións como hurra, *yippie, yeah* son os elementos da actuación. Coa axuda de sensores, os xestos controlan o proceso electrónico deses sons. *Song No. 3* é unha peza na que a *performer* utiliza os brazos (normalmente os cantantes fano como un subproduto da súa interpretación musical), como medio para controlar o son electrónico. A compositora procura formas de utilizar os xestos de brazo e cabeza como medio para producir son. Eses movementos están relacionados coa produción de son pero non se perciben como a causa principal: un cantante pode cantar sen mover os brazos (posiblemente soará diferente), pero non sen respirar e enviar aire a través das cordas vocais.

De ascendencia británico americana, **Celeste Oram** completou os seus estudos na Universidade de Auckland, Nova Zelandia, onde medrou. As súas obras abarcan a escritura instrumental, o canto e o texto, a electrónica, os medios visuais, o teatro e a improvisación e nelas intérpretes e público exploran historias sonoras e sociais, microculturas e utopías. *toccata & bruise* é unha transcripción da versión de Glenn Gould da Fantasía de Sweelinck. Composta para órgano, un instrumento de resposta limitada ao ser tocado pois a súa variación na dinámica e no timbre provén de manobras mecánicas. A transcripción de Gould para piano procura unha fantasía táctil a partir del contrapunto da fuga en espello de Sweelinck. O material visual e xestual de *toccata & bruise* está coreografiado coa gravación de Gould, visualizando as sensacións táctiles que proxecta na peza de Sweelinck. A partitura de Oram inclúe as tres partes distintas da obra orixinal para órgano -unha fuga inicial, unha tocata e unha fantasía final- como as súas propias divisións formais.

Katharina Rosenberger é doutora pola Universidade de Columbia, baixo a tutela de Tristan Murail e ocupa o posto de profesora asistente de composición na Universidade de California. Gran parte da súa obra desenvólvese nun contexto interdisciplinar e está destinada a confrontar a práctica tradicional da interpretación en canto á forma de producir, escoitar e ver o son. Rosenberg pretende leva ao público a lugares peculiares, ambiguos e enganosos, onde as expectativas habituais teñen que desbotadas. A miúdo reta aos instrumentistas a ir máis aló dunha función "só" interpretativa sendo fundamental a súa presenza no escenario. Independentemente do medio, a compositora invita ao oínte a comprometerse, a enfrontarse e a experimentar fisicamente a natureza escultórica do son.

Cécile Marti aprendeu a tocar o violín e o piano aos oito anos en Zúric, a súa cidade natal. Posteriormente, estudou composición con Dieter Ammann na Hochschule Musik de Lucerna, obtendo o seu mestrado en composición. Completou o seu doutoramento na Guildhall School of Music and Drama de Londres con Julian Anderson e un posdoutoramento no King's College de Londres. Ten recibido bolsas e premios de numerosas institucións públicas e privadas. Martí escribe sobre *Wendung* "Foi composta a partir dunha foto da miña nai, de 2011. Forma parte dunha serie de fotografías nas que se ocupaba da perspectiva oposta. Inspiroume que o desenvolvemento dun pensamento faise visible nunha imaxe. Un desenvolvemento está ligado ao tempo, que pode experimentarse directamente na música, a arte do tempo".

A suíza **Helena Winkelman** é unha das voces musicais máis referentes do seu país. Recibe influencias dos seus profesores Roland Moser e Georg Friedrich Haas, tamén György Kurtág e George Benjamin e de instrumentistas como Pierre Favre e Gidon Kremer e de Claudio Abbado, con quen colaborou na Orquestra do Festival de Lucerna. O seu interese polo jazz e a música renacentista fixo que empezara a compoñer de forma posmodernista, lévana a cambiar procedementos para crear unha música extremadamente irónica e vital. Tamén a literatura, a psicoloxía e a filosofía teñen un gran impacto na súa composición polo que boa parte da súa música baséase en textos de Dante Alighieri, Johanna Arp, Friederike Mayröcker, Irène Gayraud ou Ungaretti. Descubriu o espectralismo nas obras de Grisey, Haas e Benjamin reinventando as formas e os sons que escolle para traballar. Ademais, traballou co folclorista suízo Noldi Alder, recollendo esta tradición na súa música. Todas esas referencias contribúen á súa linguaxe de imaxinación sonora sutil e de refinado sentido das evolucións musicais no tempos en obras que emanan calidez e parecen proceder da propia natureza. As súas *Danzas suízas*, posiblemente inspiradas na *Marche des maraudeurs* de Kurt Weill, destacan pola notable construción que da sentido ao material musical e á súa poesía. O *Valse hypnotique* xira arredor dunha soa nota, xogando coa repetición, cos timbres asociados a diferentes tons, nos extremos da escala do instrumento; a estrutura relativamente sinxela da peza e a súa harmonía disonante permite unha riqueza de interpretación e unha imaxinación propicia para traballar a visualización e a expresión musical.

O traballo da neoiórquina **Jessi Marino** explora o virtuosismo de actividades comúns, do ritual absurdo e o humor musical. *Rot Blau* fala da individualidade facendo énfase no uso do corpo, non tanto para realizar sons, senón para tentar facer movementos iguais, pero que nunca o son aínda que os intérpretes deben seguir as indicacións da partitura, tentando ser idénticos entre eles. As súas interpretacións nunca son exactamente iguais, pois cada unha ten a súa propia forma de actuar, de moverse e de ser. A peza non esta construída pola individualidade das intérpretes, senón polo seu intento frustrado de ser iguais.